



**ASUNTO: ESTIMACION PARCIAL RECURSO DE ALZADA EN PROCESO SELECTIVO DE ORIENTADOR/A LABORAL**

Visto o escritos de dona DONA PATRICIA BLANCO RODRIGUEZ, de data 14/11/2020 con RE 23258.

E visto o informe do tribunal cualificador contido na súa acta de data 23 de novembro do 2020, que literalmente dí:

“Logo do estudio es resposta de cada unha das alegacións da aspirante, o tribunal eleva a alcaldía o seguinte INFORME ó respecto:

*“En canto á puntuación que lle correspondería a aspirante, no apartado de experiencia profesional, revisada a documentación aportada pola aspirante xunto coa solicitude, e visto que acredita ter traballado como orientadora laboral no concello do Carballiño por máis de 28 meses, procede corrixir a puntuación outorgada á aspirante neste concepto e elevala ó máximo previsto nas bases para tal apartado, polo tanto elevala a 4’75 puntos.*

*Seguindo á sistemática da reclamación da aspirante, en canto á súa solicitude de revisión da puntuación a ela outorgada como experiencia TIC, indicar que as bases establecen:*

*“Ámbito das TIC (máximo 2 puntos)*

*Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos ,diplomas e/ou certificacións académicas.*

***A experiencia deberá acreditarse a través do contrato de traballo en que se acredite o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)***

*No caso de traballadores autónomos: alta IAE actualizada e facturas en que conste a prestación destes servizos.*

*(...)*

*Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe).*

*Pola titulación universitaria en enxeñaría informática, 1 punto*

*Pola titulación oficial de técnico/a superior relacionada coa familia informática e comunicacións.*

*0,50 punto*

*Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...) (máximo 0,6 puntos nesta epígrafe).*

*Experiencia (máximo 1,5 puntos nesta epígrafe).*

*Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfís en redes sociais relacionados coa información, orientación e busca de emprego 0,25 puntos por cada seis meses con actividade acreditable.”*

*Dona Patricia aporta os contratos de traballo como orientador laboral no concello do Carballiño, o cal non acredita “o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)”.En canto ó informe de funcións que ela cita como apoio da súa solicitude o mesmo non se axusta ó esixido nas bases, pois, como xa se indica, o*





*contrato de traballo presentado non acredita “o desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfís en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...)”.*  
*Polo que procede desestimar este extremo do recurso.*

*A aspirante manifestase desconforme tamén coa puntuación recibida no apartado de coñecemento de ofimática, o que sorprende ó tribunal, pois neste apartado concreto outorgóuselle a puntuación máxima a aspirante.*

*Pois as bases establecen:*

*Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 1 punto nesta epígrafe).*

*Pola titulación universitaria en enxeñaría informática, 1 punto*

*Pola titulación oficial de técnico/a superior relacionada coa familia informática e comunicacións.  
0,50 punto*

*Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...) (máximo 0,6 puntos nesta epígrafe).*

*De modo, que, dado que dona Patricia non acredita estar en posesión do título universitario en enxeñaría informática nin da titulación oficial de técnico superior, non se lle pode outorgar puntuación algunha maior ós 0´60 xa valorados. Polo que tamén procede desestimar a súa solicitude neste punto.*

*Por último, en canto a súa solicitude de revisión da súa puntuación no apartado relativo a formación específica:*

*As bases dispoñen:*

| <i>Formación específica (máximo 3,5 puntos)</i>   | <i>Puntuación</i>                               |
|---|---|
| <i>Máster ou cursos en materias relacionadas coas tarefas definidas para o posto ofertado</i> | <i>0,20 puntos por cada 30 horas formativas</i> |

*A aspirante aporta os seguintes cursos:*

|  |
|--|
| <i>PROGRAMA SUPERIOR DE CERTIFICACION PROFESIONAL EN ORIENTACION LABORAL<br/>300 HORAS</i> |
| <i>FORMACION TECNICA EN ORIENTACION PARA EL EMPLEO<br/>30 horas</i>                        |
| <i>ORIENTACION SOCIO LABORAL ONLINE<br/>50 HORAS</i>                                       |
| <i>IGUALDAD DE OPORTUNIDADES APLICACIÓN PRACTICA EN EL ÁMBITO DEL EMPLEO<br/>65 horas</i>  |





|   |
|---|
| <i>Transformación digital para el empleo</i>        |
| MODULO IGUALDAD DE GENERO Y OPORTUNIDADES           |
| 2 cursos sobre PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES      |
| CONTRATACION ADMINISTRATIVA                         |
| MASTER EN DERECHO DE INTERNET                       |
| TECNICO EN ORIENTACION LABORAL<br>NEBRIJA 110 HORAS |

Ó curso PROGRAMA SUPERIOR DE CERTIFICACION PROFESIONAL EN ORIENTACION LABORAL, de 300 horas, correspóndelle un puntuación de 2 puntos.

Ó curso FORMACION TECNICA EN ORIENTACION PARA EL EMPLEO, de 30 horas, correspóndelle un puntuación de 0'2 puntos.

Ó curso ORIENTACION SOCIO LABORAL ONLINE, de 50 horas, correspóndelle un puntuación de 0'33 puntos.

Ó curso IGUALDAD DE OPORTUNIDADES APLICACIÓN PRACTICA EN EL ÁMBITO DEL EMPLEO, de 65 horas, correspóndelle un puntuación de 0'43 puntos.

*"Transformación digital para el empleo" acredita superar unha proba, non indica as horas de duración nin o contido, polo que o tribunal estima que non debe valorarse.*

MODULO IGUALDAD DE GENERO Y OPORTUNIDADES, o curso non se atopa relacionado coas tarefas definidas para o posto ofertado, polo que o tribunal estima que non debe valorarse.

2 cursos sobre PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, non se atopan relacionados coas tarefas definidas para o posto ofertado, polo que o tribunal estima que non deben valorarse.

CONTRATACION ADMINISTRATIVA, o curso non se atopa relacionado coas tarefas definidas para o posto ofertado, polo que o tribunal estima que non debe valorarse.

MASTER EN DERECHO DE INTERNET, o curso non se atopa relacionado coas tarefas definidas para o posto ofertado, polo que o tribunal estima que non debe valorarse.

TECNICO EN ORIENTACION LABORAL, 110 horas, correspóndelle una puntuación de 0'73.

Polo que o tribunal, acepta a solicitude de revisión da puntuación da aspirante neste apartado que debe incrementarse ata o máximo previsto para este epígrafe 3'5 puntos.

Quedando, tras correccións efectuadas a puntuación da aspirante recorrente do seguinte xeito:





| ASPIRANTE                              | FORMACIÓ<br>N<br>MAX 3'5 | EXPERIENCI<br>A<br>MAX 4'75 | OFIMATIC<br>A<br>MAX 1 | EXPERIENCI<br>A TICS<br>MAX 1'5 | CELG<br>A | DISCAPACIDAD<br>E<br>MAX 1 PUNTO | TOTA<br>L |
|--|--------------------------|-----------------------------|------------------------|---------------------------------|-----------|----------------------------------|-----------|
| 3.-<br>BLANCO<br>RODRIGUEZ<br>PATRICIA | 3'5                      | 4'75                        | 0'60                   |                                 | 0'25      |                                  | 9'10      |

Terceiro.- Polo exposto, o tribunal propón á alcaldía a estimación parcial do recurso de alzada que nos ocupa, no senso indicado anteriormente, elevando ás puntuacións de dona Patricia Blanco Rodríguez, nos apartados de formación específica e experiencia profesional, o que supón a estimación parcial do recurso, e desestimar ós demais pedimentos da recorrente, mantendo a puntuación outorgada nos restantes apartados obxecto de recurso, experiencia TICS e ofimática.

Cuarto.- A estimación do recurso de alzada que nos ocupa non modifica a proposta de contratación efectuada polo tribunal, pois don AGUSTIN BAYO RODRIGUEZ continúa a ser ó aspirante que acadou unha maior puntuación.

Logo dos cabios na puntuación da recorrente esta pasa a ocupar ó segundo posto, en empate con tres aspirantes máis, quedando polo tanto as puntuacións do xeito seguinte:

| Aspirante   | Puntuación   |
|---|--|
| 1º.- BAYO RODRIGUEZ AGUSTIN   | 9'50   |
| 2º.- ARIAS GONZALEZ CARLOS<br><b>BLANCO RODRIGUEZ PATRICIA</b><br>DIAZ FELPETO ANA<br>GARCIA CIVEIRA ANGELA | 9'10 * de ser necesario procederase ó desempate conforme ás bases. |
| 3º.- SUSANA CARREIRA IGLESIAS   | 8'97   |
| 4º.- DIAZ CABADO OSCAR  | 7'21   |
| 5º.- BAYO PASTOR SILVIA MARIA   | 5'64   |
| 6º.- SANTIN LOPEZ MARIA ELENA   | 5  |
| 7º.- CAMPOS GONZALEZ SUSANA   | 4'35   |
| 8º.- GONZALEZ GONZALEZ IVAN   | 4'14   |
| 9º.- ALVAREZ GONZALEZ RITA  | 3'75   |

## RESOLVO

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de alzada de DONA PATRICIA BLANCO RODRIGUEZ, elevando ás puntuacións de desta aspirante, nos apartados de formación específica e experiencia profesional, e desestimar ós demais pedimentos da recorrente, mantendo a puntuación outorgada nos restantes apartados obxecto de recurso, experiencia TICS e ofimática.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello informando ós interesados de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do





Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 01/12/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 01/12/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/12/2020 17:54:52

